

Curso de guitarra Dr. Pedro Jesús Gómez

Real Conservatorio Superior de Música de Madrid

1-3 abril 2022

Concerto: venres, 1 de abril de 2022 - 20:15 h (Aforo limitado)

Curso: sábado e domingo, 2-3 de abril de 2022

Auditorio

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Xacobeo 21-22

"Unha vihuela admirablemente tañida"
CD Compact



Organiza:

Conservatorio Santiago de Compostela
Departamento de guitarra
José Manuel Dapena, xefe departamento
jmdapena@edu.xunta.gal
+34 608 834230

Xosé Antonio Rodríguez
Valentín Novio – Isabel Rei Samartim

Patrocina:

Knobloch Strings
www.knoblochstrings.com

Centro Autonómico de Formación e Innovación
www.edu.xunta.gal/web/cafi

Pablo Sánchez Otero
www.pablosanchezoterguitars.com

Air Classical
www.airclassical.com

Pauta Música
www.pautamusica.com

Amigos de la Ópera de Santiago de Compostela
www.operacompostela.com



Inscripción

Nome:

Apelidos:

Data nacemento:

Dirección:

Teléfono:

Mail:

Preferencia: mañá/tarde

Obras a traballar (só activas/os)

Nacido en Albacete, obtivo as titulacións e traballou cos seguintes mestres: doutor en música pola U.A.X (G. Arriaga), máster D.E.A. en musicoloxía pola U.C.M (Suárez-Pajares), máster en interpretación guitarrística (M. Barrueco), Profesor Superior de Guitarra (José Tomás), Título Superior en Corda Pulsada Antiga (J.M. Moreno e J.C. de Mulder). Ademais, recibiu os ensinamentos, entre outros, de L. Brouwer, D. Russell, J.L. Rodrigo, Pepe Romero, Carles Trepas, Jordi Savall, Hopkinson Smith ou John Griffiths. Gañou o Premio Internacional de guitarra Andrés Segovia.

Catedrático funcionario de carreira de guitarra do R.C.S.M. de Madrid. Exerceu a cátedra de guitarra, tablatura e baixo continuo no Conservatorio Superior de Música de Castilla la Mancha. Realizou xiras de concerto a só, en grupo e con orquestras, masterclass, conferencias e impartiu cursos en 10 países de Europa, Norte e Sudamérica, chegando a tocar para S.M. Raíña Dona Sofía. Publicou once Cd's, ademais de libros e artigos para Six per Vuit, Vanitas, Q.T.V. Classics, I.E.A., S.G.R. É artista de Mediaset, realizando actuacións en Radio e TV en Europa e América. Membro do xurado dos concursos internacionais do Festival Internacional de Madrid, Cincilia, Ciutat d'Elx, "José Tomás", Molina de Segura, "Julián Arcas" de Almería, entre outros.

Dende que Leo Brouwer destacase a profesionalidade das súas interpretacións, a crítica especializada escribiu: "A súa interpretación foi impecable, impresionando ao público a pesar da complexidade das obras abordadas coa guitarra" (Violão Intercambio). "Un excepcional concerto, cun atractivo indiscutible entre o virtuosismo e a emoción", "Un dos máis destacados intérpretes europeos" (Tribuna). "Unha lectura cálida, profunda e moi humana, nunha vihuela admirablemente tañida" (CD Compact). "...profundo coñecedor do repertorio, sabendo transmitir a súa linguaxe tanto cunha coidada interpretación como con puntuais explicacións das obras interpretadas." (La Nueva España).

www.webpedrojesus.com



Artista invitada: Teresa Barrientos, soprano

Realiza os seus estudos superiores e de posgrao en musicoloxía na Universidad de Salamanca (1995) e na Royal Holloway University of London (1997). En 1999 finaliza o seu máster no programa "Documentación y Fuentes Musicales" obtendo a cualificación de "Sobresaliente y la Suficiencia Investigadora" co programa 'Música y Representación'. Posteriormente amplía os seus estudos obtendo a titulación superior de música nas especialidades de Teatro Lírico e Pedagogía do Canto na Escuela Superior de Canto de Madrid (2004 y 2007)

Entre as súas numerosas actuacións presentouse no Auditorio Nacional de Música de Madrid e o Palau de la Música en Barcelona entre outros. Realizou numerosas colaboracións con entidades como a Orquestra e Coro da RTVE ou co London Philharmonic Choir realizando xiras por países como Marrocos, Corea do Sur, Italia, Francia, Inglaterra e Bélxica.

O repertorio traballado aborda diferentes estilos dende o repertorio clásico tradicional de música sinfónica e Oratorio, a música contemporánea e o xénero Musical, realizando neste último o papel protagonista de Christine no musical "The Phantom of the Opera" (Madrid 2002- 2004).

Teresa Barrientos é, dende 2017, profesora no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid impartindo actualmente as materias de Técnica Vocal en Grao e a especialidade de canto no máster de "Interpretación e Investigación Performativa de Música Española".

Matrícula

Activos (alumnado do CMUS): 60 €

Activos (de fóra do CMUS): 90 €

Oíntes: 20 €

O alumnado que participe como activo terá dereito a dúas clases individuais de 45 min en horario de mañá ou tarde. O departamento de guitarra organizará os horarios do curso, respectando na medida do posible a dispoñibilidade dos matriculados. Recoméndase facer constar as preferencias horarias no formulario.

As prazas adxudicaránse por orde de chegada dos formularios, que deberán vir acompañados do resgardo de pago da matrícula no seguinte número de conta:

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

BIC CAGLESMMVIG

Facer constar no ingreso "Curso de guitarra - Dr. Pedro Jesús Gómez" e nome do alumno/a.

Non se admiten envíos por correo ordinario; só a través do mail que figura nos datos de contacto, onde tamén se pode consultar calquera posible dúbida.

O número de prazas para activos é de 10. A inscrición pecharase o día 30 de marzo de 2022, ou no momento en que se completen as prazas. Non hai límite de prazas para oíntes.

Horarios

Concerto: venres, 1 de abril de 2022 - 20:15 h (Aforo limitado)

I - Pedro Jesús Gómez, guitarra clásica

II - Teresa Barrientos, soprano & Pedro Jesús Gómez, guitarra romántica

Curso: sábado e domingo, 2-3 de abril de 2022 - 10:00 a 21:00 h

Mañá	Tarde
10:00-10:45	16:00-16:45
10:45-11:30	16:45-17:30
Descanso	Descanso
11:45-12:30	17:45-18:30
12:30-13:15	18:30-19:15
	Descanso
	19:30-20:15
	20:15-21:00